

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 21 DE XANEIRO DE 2025

Asistentes:

Presidente
Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos
Arribas Álvarez, M^a Carmen

Secretario
Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI
Barriocanal López, Yolanda
Comendador Rey, Beatriz
López Díaz, María
Reboreda Morillo, Susana
Uña Álvarez, Elena de

PDI contratado
Campos Álvarez, Xosé Ramón

Estudantado 3^o Ciclo
Lozano Ramírez, Amado Tierra

PTXAS
Castro Vázquez, M^a Carmen

A reunión realizarase de xeito virtual por correo electrónico, coa participación dos membros que se citan á marxe o Luns 21 de xaneiro ás 10,00 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación se procede da Acta da Xunta de Facultade do 20 de decembro de 2024.
2. Aprobación se procede do cambio do horario do grupo G2 de prácticas da materia Introducción a la historiografía (pasa dos mércores de 17-18h aos luns) de 09-10h.
3. Aprobación, se procede, do nomeamento do profesor Xosé Ramón Campos Álvarez como enlace de galeguidade.

A xuntanza realizase de xeito virtual por medio de correo electrónico dirixido a sfho@uvigo.es de acordo co seguinte procedemento:

Os membros da Xunta de Facultade dispoñen dun máximo de dúas horas (entre as 10:00 e as 12:00 horas do día 21 de xaneiro de 2025) para pronunciarse sobre os tres puntos da orde do día.

a) Se o voto é favorable á proposta contida na orde do día, bastará con que se faga constar esta circunstancia no correo electrónico dunha forma clara (p. e. "voto FAVORABLEMENTE a totalidade das proposta contidas na orde do día").

b) Se o voto é desfavorable (ou hai votos en branco), deberase concretar con precisión o sentido do voto con relación a cada un dos apartados.

c) O voto só pode ser favorable, desfavorable ou en branco. Tralo peche do período para a votación se informará aos membros da Xunta de Facultade se se alcanzou o quórum preciso e do resultado das votacións. Se non se alcanzase quórum, informarase igualmente de tal circunstancia aos membros da Comisión, así como da ineficacia de todo o actuado.

Rematado o prazo de votación da Xunta de Facultade, emitiron o seu voto 11 membros (o prof. Antonio Presedo excusa a súa asistencia) da citada Xunta e todos os votos foron favorables ás propostas recollidas nos puntos da orde do día.

Remata a sesión ás 12,00 h do día 21 de xaneiro de 2025, da que eu como secretario dou fe co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro